

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 11.07.2019 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 11 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 34514 (10/PNC-002803)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal facultativo dos centros médicos do concello do Rosal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.2 46288 (10/PNC-003716)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación de novos puntos de encontro familiar, en particular na comarcas do Salnés e do Morrazo, así como a xestión deste tipo de centros e o seu mantemento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019
- 1.3 47300 (10/PNC-003818)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a elaboración polo Goberno galego, en colaboración coa Fegamp, dun plan coa dotación orzamentaria necesaria para abordar a situación dos problemas nutricionais na infancia e adolescencia, así como a retirada da comida lixo dos centros educativos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019
- 1.4 50628 (10/PNC-004086)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asistencia sanitaria á extrofia vesical ou patoloxías afíns
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019
- 1.5 51761 (10/PNC-004140)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal dos centros residenciais para persoas maiores e dependentes que prestan servizos en réxime de concesión para a Xunta de Galicia e, en particular, a do centro de Ribadumia, así como a



conflitividade existente

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019

1.6

51776 (10/PNC-004143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral das mulleres galegas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Marta María
Rodríguez-
Vispo
Rodríguez

Firmado digitalmente por Marta
María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Marta María Rodríguez-Vispo
Rodríguez,
email=marta.rodriguez.vispo.rod
ríguez@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.07.03 12:45:49
+02'00'





Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/07/2019 12:45:49



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 34514(10/PNC-002803)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal facultativo dos centros médicos do concello do Rosal

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 34514
Data envío: 10/08/2018 10:59:27.914

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar diante da non substitución de persoal facultativo no concello do Rosal.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 34514
Data envío: 10/08/2018 10:59:27.914

Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

Os Centros de saúde do Rosal responden á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

Desde o pasado 1 de agosto, un so médico está a cubrir dúas prazas nos centros médicos de San Miguel de Tabagón e O Rosal. Por esa razón, os usuarios están a sufrir alteracións nas citas médicas xa concertadas e as novas solicitudes de consulta teñen unha demora de case dúas semanas.

Dende o BNG, vemos como o Sergas non toma a sanidade con seriedade e rigor, en lugar de mellorar os servizos médicos próximos á cidadanía, o que fai e recortalos.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza á substitución dos facultativos nos centros médicos de San Miguel de Tabagón e O Rosal”.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 34514
Data envío: 10/08/2018 10:59:27.914

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/08/2018 10:58:06

Ana Pontón Mondelo na data 10/08/2018 10:58:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/08/2018 10:58:13

Olalla Rodil Fernández na data 10/08/2018 10:58:15

Noa Presas Bergantiños na data 10/08/2018 10:58:17

Xosé Luis Bará Torres na data 10/08/2018 10:58:19

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 46288(10/PNC-003716)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación de novos puntos de encontro familiar, en particular na comarcas do Salnés e do Morrazo, así como a xestión deste tipo de centros e o seu mantemento

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 18:29:11
Nº Rexistro: 46288
Data envío: 13/02/2019 18:29:11.877



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo e Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

Os Puntos de Encontro Familiar atópanse regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo. Constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo.

A intervención dos Puntos de Encontro Familiar terá carácter temporal e desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva.

Sen embargo a normativa de protección xurídica ás crianzas modificouse ca Lei 26/2015 de 28 do xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia que establece no artigo 2 e 11 no que se establece a primacía do interese superior do menor.

Por tanto, entendemos que resulta necesario fomentar que estes Puntos de Encontro Familiar sexan de xestión directa pública, garantindo o benestar social,

CSM-REXISTRO-YfgdJUB-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





a normal evolución das relacións das crianzas cos seus pais, avós ou outros familiares, e garantir un acceso a estes servizos a toda a poboación que nalgúns casos ten que recorrer grandes distancias ou agardar quendas, especialmente no rural. Así, por exemplo, nin na comarca do Salnés, nin na do Morrazo, existen Puntos de Encontro Familiar, co cal as persoas deben desprazarse moitos quilómetros para ir ata outros.

As cantidades destinadas ao mantemento da rede dos PEF son desiguais entre as cidades, polo que nos gustaría coñecer os motivos polos que se dan estas diferenzas. Ademais, resulta fundamental, que se faga unha diagnose exhaustiva sobre o estado de todos estes, co fin de detectar posibles melloras.

O lugar onde están situados non é sempre o máis axeitado, así, por exemplo en Pontevedra, para chegar ata a entrada hai que atravesar un espazo que non ten iluminación dabondo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. De crearse novos PEF estes serán centros públicos e con xestión directa pola Xunta de Galicia.
2. Garantir os principios reitores da acción administrativa nos PEF facilitando ás crianzas a asistencia axeitada no exercicio dos seus dereitos, primando sempre o seu interese superior, segundo o artigo 11 da Lei 1/1996 de 15 do xaneiro, de protección xurídica das crianzas, e do artigo 4 do Decreto 96/2014 do 3 de xullo que regula os Puntos de Encontro Familiar de Galicia.
3. Garantir con dotación orzamentaria suficiente o seu mantemento.





4.-Facilitar que todas as persoas, independentemente do lugar de residencia, poidan acceder a estes con facilidade, prestando especial atención á situación que existe no rural.

5. Impulsar, cando menos, a creación dun Punto de Encontro Familiar na comarca do Salnés, e outro na comarca do Morrazo, públicos e de xestión directa, buscando o punto máis axeitado, en colaboración cos concellos aos que daría cobertura, e garantindo os servizos de neutralidade e seguridade para todas as persoas usuarias.

6.- Realizar unha auditoría sobre a totalidade dos Puntos de Encontro Familiar galegos de maneira que se actualice a información dos centros no que atinxe a súa plantilla e cualificación, medidas de seguridade, idoneidade dos equipamentos, ubicación destes e modelos de xestión.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 18:29:11
Nº Registro: 46288
Data envío: 13/02/2019 18:29:11.877



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2019 18:22:27

Paula Vázquez Verao na data 13/02/2019 18:22:38

Marcos Cal Ogando na data 13/02/2019 18:22:48

Luis Villares Naveira na data 13/02/2019 18:22:57

CSV REGISTRO: PYCQJUB-9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 47300(10/PNC-003818)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a elaboración polo Goberno galego, en colaboración coa Fegamp, dun plan coa dotación orzamentaria necesaria para abordar a situación dos problemas nutricionais na infancia e adolescencia, así como a retirada da comida lixo dos centros educativos de Galicia

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

Exposición de motivos:

Segundo os últimos datos publicados pola Enquisa Nacional de Saúde de España, en Galicia un 34,6% de nenos e nenas sofren de obesidade infantil e sobrepeso, o que fai que nos situemos por enriba da media española como unha das comunidades nas que máis incide esta enfermidade. Unha enfermidade que debe ser tratada dende diferentes puntos de vista, tanto a nivel sanitario como no ámbito sociocultural, no que cada vez se está a evidenciar máis que o risco de sufrir obesidade tamén ven marcado polas condicións materiais de vida, sendo o empobrecemento un factor determinante na alimentación.

Dende a Organización Mundial da Saúde, estase a poñer o foco na obesidade infantil, xa que a obesidade é unha enfermidade que se asocia con outras enfermidades crónicas, como as cardiovasculares, psicolóxicas ou de diabetes e cuxa prevalencia fai imprescindible que sexa tratada como un problema de saúde pública.

O Plan Xermola foi publicado no ano 2013 co obxectivo de diminuír a prevalencia da obesidade na poboación infantil e xuvenil, mellorando o patrón alimentario e de actividade física como principais determinantes desta patoloxía.

Seis anos despois, os datos non melloran e a Xunta de Galicia non fai un balance e avaliación sobre o grao de cumprimento do Plan e incidencia do mesmo. Todo isto nun contexto no que as consecuencias dos recortes sanitarios comezan a facer estragos no propio sistema.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:07:22
Nº Rexistro: 47300
Data envío: 06/03/2019 10:07:22.848



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar en colaboración coa FEGAMP un Plan que conte con orzamento suficiente para abordar a situación de problemas nutricionais na infancia e adolescencia.
- Retirar a comida lixo dos centros educativos de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/03/2019 09:53:45

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 09:53:54



CSX: N1UCX:rgaDQZ1

Verificador

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 50628(10/PNC-004086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asistencia sanitaria á extrofia vesical ou patoloxías afíns

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2019 10:14:17
Nº Rexistro: 50628
Data envío: 05/06/2019 10:14:17.990

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A extrofia vesical (ou afectacións afíns) é unha patoloxía de prevalencia moi baixa, pero con enorme influencia sobre a calidade de vida das persoas que a padecen. Estímase que en España afecta a 1 de cada 500.000 nacementos, aínda que os datos varían segundo os estudos, o que a cualifica como enfermidade rara. En Galicia o número de persoas afectadas é pequeno.

A pesares dunha afectación pequena en número, a necesidade dunha atención moi próxima e continuada, xa dende o propio nacemento, supón unha preocupación natural de pais e nais de recentemente nados con esta patoloxía, ademais da importancia que ten toda mellora na atención para persoas que teñen esta problemática.

Actualmente, debido á especificidade, hai centros de referencia no sistema público nacional de saúde en Madrid e Barcelona, o que supón unha certa dificultade operativa tanto na continuidade asistencial para as persoas afectadas como no custe que supón a mobilidade.

Ademais do proceso asistencial para persoas afectadas, os colectivos de pacientes refiren a importancia que supón para pais e nais de recentemente nados con esta patoloxía unha atención próxima e específica ante unha situación de dificultade e de descoñecemento por parte dos proxenitores.

CSM-REXISTROINIDOC066
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2019 10:14:17
Nº Rexistro: 50628
Data envío: 05/06/2019 10:14:17.990

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estudar a viabilidade de asumir o custe de asistencia nun centro sanitario público de referencia do sistema nacional de saúde para persoas afectadas de extrofía vesical ou patoloxías afíns.
2. Elaborar un protocolo de actuación ante a detección de extrofía vesical ou patoloxías afíns para asesorar e informar a pais e nais sobre os procesos asistenciais a afrontar.

Pazo do Parlamento, 04 de xuño de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/06/2019 10:09:34

Noela Blanco Rodríguez na data 05/06/2019 10:09:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/06/2019 10:10:05



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 51761(10/PNC-004140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal dos centros residenciais para persoas maiores e dependentes que prestan servizos en réxime de concesión para a Xunta de Galicia e, en particular, a do centro de Ribadumia, así como a conflictividade existente

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 16:52:53
Nº Rexistro: 51761
Data envío: 20/06/2019 16:52:53.074

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servizos sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O informe do Consello de Contas de 2016, ademais de alertar sobre ineficiencias na xestión da Consellería de Política Social, e especialmente no eido de atención aos maiores e ás persoas dependentes. Chama a atención este informe tamén sobre as graves deficiencias na xestión dos centros residenciais, en especial daqueles cuxa xestión está privatizada, referidos a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente do cociente do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais, do uso inadecuado das instalacións, das deficiencias nos protocolos de funcionamento, da falta de rigor dos rexistros... A pesares de que estes son factores que repercuten na calidade do servizo que se presta aos residentes, a Xunta de Galicia non iniciou expedientes sancionadores nos casos nos que as irregularidades observadas non se corruxiron posteriormente a ser notificadas.

O caso específico do centro situado en Ribadumia resulta paradigmático dos problemas laborais que redundan en problemas de calidade asistencial, nestes centros residenciais que prestan servizos en concesión para a Xunta de Galicia.

Neste centro os traballadores e traballadoras veñen manifestando recentemente as súas queixas coa dirección do centro e da empresa concesionaria, pola alteración unilateral e non xustificada de quendas, o exceso de labores a afrontar para un

CSM-REXISTRO-GM169X.jpg
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 16:52:53
Nº Rexistro: 51761
Data envío: 20/06/2019 16:52:53.074

volumen de persoal menor do minimamente necesario e pola desatención das propias reivindicacións que se vén facendo dende a dirección.

Estas situacións provocan, a pesares do esforzo dos/as traballadores/as do centro, unha perda de calidade na atención as persoas alí residentes. O colectivo do persoal traballador ten feito públicas algunhas situacións non aceptables á que se vén obrigados para cumprir, minimamente coas tarefas asignadas. Alterar notoriamente os horarios dos residentes, incluso asealos a horas intempestivas para poder cadrar horarios, atender de maneira desordenada durante comidas a pacientes, provocarse demoras forzadas de excesivos tempos para o traslado de persoas a estancias do centro e outras cuestións que para o persoal supón un custo persoal sobre a capacidade de desenvolver correctamente as súas funcións.

Estas, e outras situacións, danse polo desleixo e abandono da Xunta de Galicia na súa función de vixiar e controlar que o servizo se preste nas mellores condicións, e pola desatención e desapego á hora de garantir as condicións laborais necesarias para o conxunto de traballadores e traballadoras dos centros residenciais, en específico neste caso para o centro de Ribadumia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar da empresa concesionaria un informe sobre a situación laboral dos traballadores/as dos centros que traballen en concesión coa Xunta de Galicia, e en específico un sobre a situación particular do centro de Ribadumia.
2. Mediar na situación de conflictividade existente para tratar de garantir a mellor calidade asistencial e os dereitos laborais dos/as traballadores/as do centro.

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/06/2019 16:50:09

Noela Blanco Rodríguez na data 20/06/2019 16:50:28

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 16:52:53
Nº Registro: 51761
Data envío: 20/06/2019 16:52:53.074

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/06/2019 16:50:39

CSV REGISTRO:GM168X.jp8
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 51776(10/PNC-004143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral das mulleres galegas

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 18:26:12
Nº Rexistro: 51776
Data envío: 20/06/2019 18:26:12.125

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á situación laboral das mulleres galegas.

A desigualdade no ámbito laboral entre homes e mulleres é unha realidade que se mantén e que seguen a mostrar todas as estatísticas. O emprego feminino segue sendo máis precario e peor pagado que o masculino.

Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) en Galiza as mulleres son maioría nos contratos temporais e nos de menos remuneración e teñen menos acceso a contratos indefinido, catro puntos por debaixo. As expectativas de que un contrato se converta en indefinido son dun 7% inferiores, 12.8% para as mulleres fronte a un 19.8% para os homes.

Consecuencia desta realidade salarial é que a fenda salarial segundo os datos de Facenda de 2017, é superior ao 21.5% , 4.400 euros ao ano.

O Partido Popular leva 10 anos cunhas políticas económicas e laborais que son letais para as mulleres toda vez que o balance deste período só fixo empeorar.

CSM-REXISTRODGAAT0pe3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 18:26:12
Nº Rexistro: 51776
Data envío: 20/06/2019 18:26:12.125

O laboral é un ámbito fundamental para o empoderamento das mulleres, imposible de acadar sen autonomía económica. É preciso vixiar o cumprimento da lexislación en materia de igualdade laboral, traballar transversalmente pola eliminación das discriminacións, fomentar as inspeccións para que as categorías e os pluses non encubran desigualdade salarial, sancionar, que teña custes discriminar ás mulleres, que non saia gratis

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta as seguintes preguntas para a súa contestación oral na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Elaborar un minucioso estudo sobre a situación laboral das mulleres galegas e a impulsar as medidas necesarias, coa dotación económica precisa, que aborden as carencias que se detecten no informe, de cara a fomentar un emprego estábel e de calidade para as mulleres.

2.- Promover e vixiar o cumprimento da lexislación en materia de igualdade laboral e traballar transversalmente pola eliminación das discriminacións.

3.- Fomentar as inspeccións e as sancións para que as categorías e os pluses non encubran desigualdade salarial, para tal fin demandar do Goberno español a introdución na lexislación, de sancións económicas para aquelas empresas que non garantan a equidade salarial entre mulleres e homes.

CSV REXISTRO: OGAK70ne8
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 18:26:12
Nº Rexistro: 51776
Data envío: 20/06/2019 18:26:12.125

4.- Presentar no Parlamento galego, no prazo máximo de seis meses un informe sobre a situación da igualdade laboral no ámbito da Xunta de Galiza.”

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019.”

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 18:25:19

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 18:25:26

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 18:25:32

CSV REXISTRO GAN709e8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 18:26:12
Nº Registro: 51776
Data envío: 20/06/2019 18:26:12.125

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 18:25:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 18:25:46

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 18:25:54

CSX: FEYJSTR0GGA70q8S
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

